



Este verán R ponllo “a huevo” ás/aos súas/seus clientas/es de fibra, que poderán estrear móbil por 0 euros

- **“A huevo” é unha promoción exclusiva para clientes/as de fibra que contraten un *smartphone* na modalidade de pagamento en 24 cotas xunto co bono de 20 GB ou co de 50 GB.**
- **Ata finais de agosto R ofrece o dobre de xigas que en 2020 pola mesma cota, é dicir: 20 xigas por 6 euros/mes e 50 xigas por 12 euros/mes, podendo o cliente escoller a liña á que quere asociar o bono de datos.**
- **Esta proposta ofrece a posibilidade de gozar dun *smartphone* Samsung Galaxy A12 de 64 GB por 0 € ao contratar un bono de 20GB extra por 6 €/mes ou a contratación de 50 GB extra/mes por 12 €/mes, acompañándoo dun Oppo A74 5G por 0 €.**

Xoves, 18 de xuño de 2021. R vén de lanzar a súa oferta de verán para todos os/as seus/súas clientas/es de fibra, que durante estes meses poderán acceder a un terminal móbil por 0 euros. O maior uso de datos durante as vacacións estivais ten agora solución contratando bonos de 20 ou de 50 xigas, coa vantaxe de poder renovar terminal independentemente da tarifa de móbil que os/as clientas/es teñan contratada.

A diferenza do verán pasado, este ano R mellora a súa proposta e ofrece o dobre de xigas pola mesma cota, é dicir: 20 xigas por 6 euros/mes e 50 xigas por 12 euros/mes, podendo o/a cliente/a escoller a liña á que quere asociar o bono. Hai que destacar, ademais, que o volume de datos dos bonos se sumará aos da tarifa contratada e consumirase antes ca os datos incluídos na tarifa. Todas estas características da oferta están pensadas para o goce dunhas verdadeiras vacacións conectada

Flexibilidade e moitos xigas

Ademais de todos estes detalles, esta proposta de verán de **R** ten unha gran flexibilidade, xa que permite escoller o terminal que o/a cliente/a desexe e ofrécelle dúas opcións estrela.

A primeira consiste na posibilidade de renovar móbil e gozar dun *smartphone* Samsung Galaxy A12 de 64 xigas de memoria, que lle sae a 0 € ao contratar un bono de 20 xigas extra por 6 €/mes. A segunda oferta propón a contratación de 50 xigas extra/mes por 12 €/mes, acompañando o bono, neste caso un Oppo A74 5G por 0 €.

A promoción é flexible, pois permite escoller o terminal da carteira de **R** e gozar do desconto de 5 € no bono de 20 GB e de 11 € no bono de 50 GB.

“A huevo”: máis fácil, imposible

A campaña que **R** pon en marcha para lle dar visibilidade a esta nova oferta estival incide xustamente nesa flexibilidade da proposta comercial. Xa non hai escusas para non conectarse este verán por falta de datos no móbil e estrear un terminal de última xeración ao mesmo tempo.

R segue apostando por lles ofrecer ás súas/seus clientas/es todas as facilidades e achégase a elas/eles, desta volta, cunha expresión popular e moi gráfica que resume ese “máis fácil imposible” cunha clara e cunha xema.

comunicación **R**
prensa@mundo-r.net
R.gal

The advertisement is set against a bright orange background. At the top, the word "móviles" is written in white. Below it, a large white letter 'A' is positioned next to a realistic brown egg. Underneath this graphic, the text "para clientes R" is displayed in white. The central focus is two smartphone offers. On the left, a Samsung Galaxy A12 is shown with a price tag of "0€" and a bonus of "20GB 6€/mes". On the right, an Oppo A74 5G is shown with a price tag of "0€" and a bonus of "50GB 12€/mes". At the bottom left, there is a small logo for "Rapid | número R | 1445" and a social media icon. At the bottom right, there is a logo for "compañía de seguros" and a large white letter 'R'.

